



ROF CODINA
FUNDACIÓN



**FUNDACIÓN
FEIRAS
E EXPOSICIONS
LUGO**

CONVENIO DE COLABORACIÓN FUNDACIÓN ROF CODINA E A FUNDACIÓN FEIRAS E EXPOSICIONS DE LUGO

En Lugo, a 13 de xullo de 2023

REUNIDOS:

Dunha parte, Javier Ferreira Fernández, en calidade de xerente da Fundación Rof Codina M.P., con CIF G-27182856 e domicilio na cidade de Lugo, Estrada da Granxa, 51, actuando facultado polo outorgamento de poderes do Padroado de data 29 de setembro de 2022.

E doutra parte, Rubén López Fernández, en calidade de xerente da Fundación Feiras e Exposicións de Lugo, con CIF: G-27161496, con domicilio social en Praza Santo Domingo, 6-8, 2ª planta da cidade de Lugo

Ámbalas partes, recoñecéndose mutua capacidade legal necesaria para a formalizan deste contrato,

EXPOÑEN:

Primeiro.- A Fundación Rof Codina M.P. (FRC) de Lugo é unha organización de natureza fundacional, de interese galego, con personalidade xurídica propia, constituída por tempo indefinido ao abeiro do disposto no artigo 34.1 da Constitución española e da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de Fundacións de Interese Galego. Que a FRC constituíuse para a xestión do Hospital Veterinario Universitario, do Centro de Biomedicina e Veterinaria e doutras estruturas de apoio á docencia e a investigación, e ten por obxecto a realización dos seguintes fins xerais de interese galego (art. 6 Estatutos da FRC): o apoio permanente á docencia clínica na Facultade de Veterinaria de Lugo da USC, co fin de favorecer a maior correspondencia posible entre a docencia teórica da Facultade e as ensinanzas que en materia clínica poida proporcionar o Hospital Veterinario Universitario de Lugo (no sucesivo HVU-RC), o apoio permanente á investigación no CEBIOVET e o cumprimento dos obxectivos marcados polo artigo 66 dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela

Segundo.- Que a Fundación Feiras e Exposicións de Lugo, é unha entidade sen ánimo de lucro de sector público autonómico, propietaria do Pazo de Feiras e Congresos de Lugo, que ten, entre outros, como fins estatutarios, a promoción de actividades



agropecuarias, comerciais, agroindustriais, sociais, educacionais e culturais e calquera outra que teñan por obxecto a promoción e o desenvolvemento destes sectores en Galicia, o nivel profesional do sector agrario, industrial e pesqueiro, o seu nivel cultural e a elevación do nivel medio urbano e rural.

Terceiro.- Que o HVU-RC da FPG-RC, consonte ao disposto no artigo 66 dos Estatutos da USC, ten como obxectivos fundamentais o desenvolvemento do labor asistencial clínico veterinario co fin de mellorar as funcións docentes e investigadoras propias dos departamentos, centros, institutos universitarios de investigación, escolas de doutoramento e escolas de especialización profesional vinculados ás áreas das ciencias da saúde así como a potenciación das actividades produtivas no sector primario, das que a preservación e recuperación da saúde animal e das razas autóctonas constitúen unha parte destacada.

Cuarto.- Que a Fundación Rof Codina M.P. e a Fundación Feiras e Exposicións de Lugo para a consecución dos seus fins e o desenvolvemento das súas actividades, están interesados en formalizar unha colaboración, polo que postos previamente de acordo, neste acto formalizan este **CONVENIO DE COLABORACIÓN** consonte as seguintes:

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA. Obxecto do convenio

Este convenio ten por obxecto establecer a relación de colaboración entre a Fundación Rof Codina e a Fundación Feiras e Exposicións de Lugo nos seguintes eventos que se celebran anualmente no Pazo de Feiras e Congresos de Lugo:

- Exposición nacional e internacional canina.
- EQUIGAL, Salón internacional do cabalo de Galicia.
- EXPOLUGO, A RURAL, mercado de exposición gandeira.

SEGUNDA. Compromisos da Fundación Rof Codina

No marco deste convenio a Fundación Rof Codina colaborará no desenvolvemento dos

eventos mencionados na cláusula primeira, realizando persoal da Fundación Rof Codina as seguintes tarefas:

- Control da chegada de animais, comprobando a documentación sanitaria, vacinas, microchips e outros requisitos legais e sanitarios.
- Durante o desenvolvemento destes eventos que figuran na cláusula primeira estará presente persoal veterinario da Fundación Rof Codina que prestará un servizo veterinario aos animais participantes neses eventos no Pazo de Feiras e Congresos, tamén prestará asesoramento sobre benestar e saúde aos propietarios dos animais. Nesta atención veterinaria os propietarios faranse cargo dos custos de materiais e medicamentos, así como, dos gastos de traslado ao Hospital Rof Codina, se fose necesario, e dos gastos xerados no hospital.
- Informar aos asistentes sobre as actividades desenvolvidas pola Fundación Rof Codina.

TERCEIRA. Compromisos do Fundación Feiras e Exposicións

No marco deste Convenio a Fundación Feiras e Exposicións de Lugo comprométese a:

- Que a Fundación Rof Codina teña presenza como entidade colaboradora en toda a publicidade que se leve a cabo nos ditos certames.
- Proporcionar espazo prioritario para que a Fundación Rof Codina poida instalar un stand modular na zona comercial destes, proporcionando de modo gratuíto os subministros necesarios para a instalación (luz, auga...)
- Que a Fundación Rof Codina terá exclusividade publicitaria dentro do sector das entidades de servizos veterinarios.

CUARTA. Seguimento, vixilancia e control.

Ao abeiro do presente Convenio, créase unha Comisión de Seguimento e Coordinación das accións que se recollen no mesmo, con participación do



FUNDACIÓN FEIRAS E EXPOSICIÓN e a FUNDACIÓN ROF CODINA, que contará con polo menos con dous representantes designados por cada parte.

Para a adopción de acordos requirirase a presenza de, cando menos, tres membros.

A Presidencia desta Comisión de Seguimento do Convenio desempeñarse alternativamente por cada unha das partes durante un ano, correspondendo a quenda inicial á Fundación Pública Galega Rof Codina e cambiando a presidencia con cada unha das eventuais prorrogas anuais na duración do Convenio.

O xerente da Fundación Rof Codina actuará como secretario e levantará a acta correspondente ás sesións, asumindo a función de custodia da documentación.

Corresponde á Comisión de Seguimento a resolución de cantas cuestións se susciten en torno á interpretación e aplicación do presente Convenio. Para un mellor desenvolvemento das súas reunións e para favorecer os fins do Convenio poderá invitar ás súas reunións con voz pero sen voto a expertos externos, así como a representantes doutras administracións.

Esta comisión velará polo axeitado cumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e determinará, no caso de existir prexuízo económico derivado dos incumprimentos, a posible indemnización, que deberá ser proporcionada ao dito prexuízo. No caso de incumprimento reiterado de obrigas a comisión poderá promover a resolución do convenio.

Esta Comisión reunirse, con carácter ordinario, como mínimo unha vez por ano. Poderá ter sesións, con carácter extraordinario, por decisión do presidente, por iniciativa propia ou a instancia de calquera das partes.

QUINTA.-Protección de datos.

As partes asinantes comprométense a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dos dereitos dixitais.

Na aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro (BOE 06/12/2018) de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e, a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou

accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

SEXTA.-Difusión da colaboración das partes

Sen prexuízo do indicado na cláusula terceira, nas actuacións informativas e divulgativas e nas publicacións que se fagan relacionadas coas actividades deste convenio farase constar, nun lugar destacado, a colaboración das partes e utilizaranse, cando proceda, os anagramas de cada unha das entidades aprobados pola normativa de identidade corporativa.

Sexa cal for o medio de difusión, calquera das dúas partes comprométense a facer mención da outra parte e do presente convenio.

SÉTIMA. Persoal

A subscrición deste CONVENIO non comeza relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre as personas afectadas por este e a Fundación Feiras e Exposicións de Lugo, ou, se é o caso, a Fundación Rof Codina, de tal xeito que non se poderán esixir responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

O persoal das entidades asinantes poderá utilizar as instalacións de ambas entidades para desenvolver as actividades obxecto do presente Convenio. Este persoal estará obrigado, neste caso, a cumprir coas normas e medidas de prevención de riscos laborais que rexan no centro no que se desenvolvan as actividades. Este uso das instalacións dunha entidade para realizar as actuacións recollidas neste convenio non implica ningún tipo de relación laboral contractual ou de calquera outro tipo do persoal da entidade non propietaria das instalacións coa entidade propietaria.

A participación do persoal das dúas entidades nas actividades recollidas no presente Convenio efectuarase conforme á regulamentación propia, ao recollido nos seus Estatutos e de acordo coa Lei de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas.

OITAVA. Financiamento.

As actividades do presente convenio non implican ningún custo económico adicional ao das súas actividades ordinarias para as entidades asinantes.

NOVENA.- Vixencia do convenio

Este convenio estará en vigor desde a súa sinatura até o 31 de decembro de 2025, salvo denuncia por incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan e poderá ser obxecto de prórroga antes da súa finalización, por acordo das partes, por un prazo non superior a catro anos.

DÉCIMA.-Resolución e modificación do Convenio.

As partes poderán modificar o presente documento en calquera momento por mutuo acordo. O convenio poderá extinguirse se se incorre nas causas de resolución recollidas no artigo 51.2 da Lei 40/2015.

DÉCIMO PRIMEIRA. Réxime legal

Este CONVENIO terá carácter interadministrativo, rexéndose para o efecto polo establecido nas cláusulas del, e no seu defecto, polo disposto no ordenamento xurídico administrativo vixente, sendo competencia, polo que respecta ás cuestións litixiosas que puidesen xurdir, da xurisdición contencioso administrativa.

Deste convenio que se formaliza neste documento, redáctanse dous exemplares, un para cada unha das partes, a un único efecto, e, en proba de conformidade asínase no lugar e data indicados no encabezamento.

Asdo.: Javier Ferreira Fernández
Xerente da Fundación Rof Codina

Asdo.: Rubén López Fernández
Xerente da Fundación Feiras e Exposicións